



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DOWN GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO AVALIACIÓN DO ENVELLECIMENTO DAS PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN E DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade Down Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2021. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2021 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento do proxecto de de avaliación do envellecemento das persoas con síndrome de Down e con discapacidade intelectual residentes en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, Down Galicia é unha entidade de iniciativa social que ten como finalidade coordinar, apoiar e impulsar a labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade de vida de cada persoa coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual e as súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

Así mesmo, as actuacións obxecto do proxecto do convenio, recollidas na súa cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

Edificio administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital



Xacobeo 21-22

